


# PLAN DE TRABAJO

## COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

IES de Meaño



Data de aprobación: 2024

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
1.1. XUSTIFICACIÓN.....	3
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN NO CENTRO.....	5
<b>2. ANÁLISE DO CONTEXTO.....</b>	<b>6</b>
<b>3. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.....</b>	<b>7</b>
<b>4. OBXECTIVOS.....</b>	<b>7</b>
4.1. Obxectivos xerais.....	7
4.2. Obxectivos específicos.....	8
4.2.1. Ámbito de planificación y coordinación.....	8
4.2.1.1. Planificación e coordinación a nivel interno.....	8
4.2.1.2. Planificación e coordinación con organismos externos.....	9
4.2.2. Ámbito de información e formación.....	9
4.2.3. Ámbito de prevención e sensibilización.....	10
4.2.4. Ámbito de detección.....	10
4.2.5. Ámbito de intervención.....	11
<b>5. PLAN DE TRABAJO.....</b>	<b>11</b>
<b>6. PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....</b>	<b>11</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. XUSTIFICACIÓN

A **Lei Orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia** sinala, no art. 30, que o **sistema educativo debe rexerse polo respecto mutuo de todos os membros da comunidade educativa** e debe fomentar unha educación accesible, igualitaria, inclusiva e de calidade que permita o desenvolvemento pleno dos nenos, nenas e adolescentes e a súa participación nunha **escola segura e libre de violencia, na que se garanta o respecto, a igualdade e a promoción de todos os seus dereitos fundamentais e liberdades públicas**, empregando métodos pacíficos de comunicación, negociación e resolución de conflitos.

Os nenos, nenas e adolescentes en todas as etapas educativas e independentemente da titularidade do centro, recibirán, de forma transversal, unha educación que inclúa a súa participación, o respecto aos demais, á súa dignidade e os seus dereitos, especialmente daqueles menores que sufran especial vulnerabilidade pola súa condición de discapacidade ou dalgún trastorno do neurodesenvolvemento, a igualdade de xénero, a diversidade familiar, a adquisición de habilidades para a elección de estilos de vida saudables, incluíndo educación alimentaria e nutricional, e unha educación afectivo sexual, adaptada ao seu nivel madurativo e, no seu caso, discapacidade, orientada á aprendizaxe da prevención e evitación de toda forma de violencia e discriminación, co fin de axudarlles a recoñecela e reaccionar fronte á mesma.

Para elo, establece que

1. “**Todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deberán ter un Coordinador ou Coordinadora de benestar e protección do alumnado**, que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou titularidade do centro.(art. 35.1)
2. As administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar o Coordinador ou Coordinadora de benestar e protección. Así mesmo, determinarán se estas funcións han de ser desempeñadas por persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal”.

Ademais, **establece as funcións mínimas** que debe desenvolver esta persoa coordinadoa. (art. 35.2)

A **LOMLOE** recolle no artigo 124.5 que “**As administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte a indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia, así como os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección**, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.”

**Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 que a desenvolve**, sinalan que o **proxecto educativo de cada centro docente incluírá un paln de convivencia** o cal establecerá as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións.

**Orde 23 de agosto de 2023 establece a figura da persoa coordinadora de benestar** e convivencia nos centros docentes de Galicia e sinala que [o plan de traballo da persoa coordinadora incluírase dentro do plan de convivencia](#) do centro. Este plan concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocada ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

A **Estratexia galega de convivencia escolar 2025** recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a [mellora da coordinación do benestar e a protección do alumnado](#) sinalando que, a través da figura da persoa que exerza dita coordinación nos centros educativos, estableceranse os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de maneira que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

A situación de confinamento e a crise sanitaria, supuxeron un desafío para a maioría das persoas respecto da xestión das súas emocións. No primeiro ano da pandemia COVID-19, a prevalencia global de ansiedade e depresión aumentou nun 25% masivo, segundo un informe científico (marzo 2022) divulgado pola Organización Mundial da Saúde (OMS).

Actualmente, asistimos a un momento no que hai elevados índices de medo, ansiedade, estrés, burnout, conflitos, depresión,... Tamén vemos como está incrementando a violencia provocada por sentimentos de ira (enfado, rabia, odio,...).

Vivimos nunha sociedade de constante cambio e cada vez máis complexa (*multiculturalidad, movilidad geográfica, globalización, multinacionalidad de las relaciones personales...*) que nos exige desenvolver estratexias para acadar unha mellor adaptación, para afrontar a incertidume, reducir e manexar o estrés, regular a ira para previr a violencia, propiciar emocións agradables a pesar das dificultades,...

Neste contexto, as competencias emocionais foron adquirindo cada vez maior relevancia como factores de protección para a saúde e o benestar persoal e social. A relación entre a educación emocional e o benestar é estreita, xa que a aprendizaxe de habilidades emocionais e sociais axuda a previr problemas de saúde mental, como a ansiedade e a depresión, e mellora o rendemento académico.

No eido educativo, as competencias emocionais van gañando relevancia dado o crecente recoñecemento ó papel das emocións nos procesos de ensino aprendizaxe, e do impacto positivo no desenvolvemento das potencialidades das persoas e no benestar psicolóxico, físico e social.

Son consideradas predictoras do éxito tanto na vida académica como en todos os niveis da vida adulta. (Ibarrola, 2014). Por elo, por elo, tras a pandemia a Xunta publica un **Plan benestar emocional** a disposición dos centros educativos con 24 actividades para previr e atenuar a influencia da pandemia. Recentemente, publícase unha **Guía benestar emocional (2023)** para o desenvolvemento do plan de benestar emocional. Esta Guía, pretende recontextualizar o Plan de Benestar Emocional, adaptándoo á nova realidade e achegar estratexias concretas para favorecer a atención aos malestares cotiáns da comunidade educativa; dando, deste xeito, resposta a un dos retos da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, que é o de dotar á comunidade educativa

de estratexias e recursos que contribúan ao coidado do equilibrio e do benestar emocional dentro dunha contorna participativa, de comunicación e apoio.

## 1.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN NO CENTRO

Seguindo os preceptos normativos, establécese a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos, e en consecuencia, faise preciso deseñar a que será a súa ruta de traballo para a abordaxe integral da saúde e o benestar emocional no ámbito educativo.

Somos conscientes de que cada vez faise máis necesario desenvolver na contorna educativa, o sentido de pertenza, o fortalecemento da identidade e a autoestima, así como todos aqueles factores de protección, resiliencia e superación, que contribúan a crear un marco de convivencia positiva e a un aumento do benestar tanto do alumnado como do resto da comunidade educativa.

Por elo, **o presente plan forma parte do Plan de Convivencia do noso centro: o IES de Meaño.** Tendo en conta que no mesmo, se imparten as ensinanzas de educación obrigatoria (ESO), debemos establecer unha liña de traballo que abarque as necesidades que teñen os nosos adolescentes e as súas familias.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), unha de cada sete persoas mozas de 10 a 19 anos padece algún trastorno mental, un tipo de trastorno que supón o 13% da carga mundial de morbilidade nese grupo de idade.

De acordo a diversos estudos, algúns dos trastornos de saúde mental máis comúns na adolescencia son os seguintes: ansiedade, alteración do estado de ánimo, déficit de atención e outros trastornos do comportamento, trastornos da alimentación (anorexia, bulimia), depresión ou condutas de risco como é o caso de consumo de drogas. Así mesmo, o suicidio é a principal causa de morte entre os mozos de 15 a 29 anos.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

### *De origen interno*

#### DEBILIDADES

- Pouca implicación das familias no centro. Escola de familias con intervencións puntuais. Non AMPA.
- Escaseza de recursos para a atención do alumnado.
- Escaseza de formación para a identificación e a prevención de situacións de risco.

### *De origen externo*

#### AMEAZAS

- Estímulos sociais continuos que fomentan no alumnado actitudes/conduas de risco
- Incremento de problemas de saúde mental entre a poboación adolescente e xuvenil
- Escasos recursos de prevención procedentes da administración e escasos recursos de atención primaria destinados á saúde mental.
- Falta de formación para a identificación e prevención
- Influencia de redes sociais
- Desinformación na era da información ou era dixital. Acceso a contidos inapropiados (apostas, porno,...)

#### FORTALEZAS

- Persoa coordinadora de benestar, xa asume a maioría das funcións estipuladas na normativa, dentro da comisión de convivencia.
- Baixa conflictividade no centro.
- Pouco alumnado. Atención máis personalizada
- Existencia dun plan de convivencia consolidado.
- Programa de habilidades sociais implementado a través do PAT.
- Programa de hábitos de vida saudables.
- Ampla opción de espazos e actividades de lecer no centro

#### OPORTUNIDADES

- Unidades de acompañamento e orientación persoal e familiar
- Contratos programa CPIInclúe
- Plans proxecta específicos
- Outros programas da Xunta como Educación responsable ou Programa YAM.
- Guía de desenvolvemento do plan de benestar

### 3. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Para definir os ámbitos de actuación, primeiro debemos ter en conta que o obxectivo establecido na Lei Orgánica de protección á infancia, é converter o centro educativo nun espazo de protección. Pola tanto, debemos considerar que as funcións da persoa coordinadora, non deben circunscribirse unicamente ao que acontece dentro da institución escolar, senón que debe estenderse cara aos riscos presentes na vida do seu alumnado. Para iso debe considerar os factores, as ameazas e o seu impacto tanto no ámbito familiar como no comunitario, sen esquecer a extensión virtual destes ámbitos mediante as Tecnoloxías da Relación, a Información e a Comunicación (TRIC).

As funcións da persoa coordinadora de benestar que establece a Lei Orgánica de protección á infancia (art. 35), son reordenadas no Informe «Protección da infancia desde a contorna escolar» de UNICEF de acordo coas diferentes fases que deberían orientar o seu proceso de actuación. Neste sentido, propóñense 5 ámbitos de actuación: **planificación, prevención, formación, detección e intervención.**

### 4. OBXECTIVOS

O plan de traballo da persoa coordinadora de benestar e convivencia terá como finalidade contribuír ó desenvolvemento do benestar socioemocional de toda a comunidade educativa dende un enfoque preventivo e integral no marco dunha escola inclusiva e da convivencia positiva.

#### 4.1. Obxectivos xerais

- Diseñar o **plan de traballo** da persoa coordinadora e realizar as concrecións anuais correspondentes, así como o seu seguimento e avaliación.
- **Planificar e coordinar** todas as accións encamiñadas a garantir os dereitos fundamentais da comunidade educativa e a súa integridade física, psíquica, psicolóxica e moral fronte a calquera forma de violencia, asegurando o libre desenvolvemento da súa personalidade e establecendo medidas de protección integral, que inclúan a sensibilización, a prevención, a detección precoz, a protección e a reparación do dano en todos os ámbitos nos que se desenvolve a súa vida.
- Desenvolver unha actuación coordinada e de **colaboración** constante entre os e as profesionais dos diferentes sectores implicados na sensibilización, prevención, detección precoz, protección e reparación no ámbito educativo (equipo directivo, equipo docente, departamento de orientación e axentes externos).
- Detectar as **necesidades formativas** en materia de convivencia e benestar do alumnado e propoñer accións formativas dirixidas á comunidade educativa.

- Garantir a implementación de medidas de **prevención e protección fronte a calquera tipo de discriminación** e á **erradicación** dos **estereotipos** de carácter sexista, racista, homofóbico, bifóbico, transfóbico ou por razóns estéticas, de discapacidade, de menfermidade, exclusión social ou por calquera outra circunstancia ou condición persoal, familiar, social ou cultural.
- Dinamizar e colaborar no desenvolvemento de actividades dentro do **Plan de Benestar Emocional** da consellería.

## 4.2. Obxectivos específicos

### 4.2.1. Ámbito de planificación y coordinación

#### 4.2.1.1. Planificación e coordinación a nivel interno

OBXECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO
Contribuir ó deseño e actualización do <b>plan de convivencia</b> , integrando dentro da concreción anual da comisión de convivencia e benestar, actuacións anuais destinadas á promoción do benestar da comunidade educativa e a unha convivencia positiva.	Porcentaxe de actividades programadas e levadas a cabo Nº de modificacións introducidas
Velar pola incorporación e tratamento no <b>PAT</b> de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.	Porcentaxe de alumnado ó que van destinadas estas actividades Porcentaxe de actividades programadas e levadas a cabo
Colaborar coa comisión de <b>hábitos de vida saudables</b> para deseñar programas e actividades que fomenten a actividade física, a alimentación saudable e outros aspectos relacionados coa saúde física dos estudantes.	Porcentaxe de alumnado ó que van destinadas estas actividades Nº de actividades realizadas
Establecer <b>reunións de coordinación</b> con: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comisión de convivencia</li> <li>- Departamento orientación, titoras de niveis e x. estudos</li> <li>- Equipo docente (sesións avaliación e reunións extraordinarias)</li> <li>- Equipo directivo</li> </ul>	Nº de reunións levadas a cabo
Promover a solicitude de programas como CP_Inclúe ou Plan Proxecta que contribúan ó desenvolvemento do benestar da comunidade educativa e a unha convivencia positiva.	Nº Plans e programas que contribúan ó benestar e á convivencia solicitados. Porcentaxe de alumnado/familias destinatarias



#### 4.2.1.2. Planificación e coordinación con organismos externos

OBXECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO
Establecer coordinacións cos <b>centros adscritos</b> para favorecer unha transición de etapa de xeito gradual, así como unha continuidade de medidas de promoción do benestar e a convivencia.	Nº de reunións establecidas
Establecer <b>canles de comunicación e colaboración</b> cos servizos sociais e con outras entidades da zona tales como CIM o Salnés, Espazo de preservación familiar, asociación Avante, Arelas, UACO,...	Nº de intervencións por parte de axentes externos e/ou consultas realizadas
Coordinar, de acordo aos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais ou dos servizos médicos.	Nº de protocolos ou casos derivados a organismos externos
Promover accións de colaboración coas forzas e corpos de seguridade (Plan director, ...)	Nº de actividades desenvoltas Porcentaxe de persoas destinatarias

#### 4.2.2. Ámbito de información e formación

OBXECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO
Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.	
Promover plans de <b>formación sobre prevención, detección e protección</b> dos nenos/as e adolescentes, dirixidos tanto ó persoal que traballa nos centros como ó propio alumnado.	Accións informativas e formativas levadas a cabo
Fomentar entre o persoal do centro e o alumnado a utilización de <b>métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos</b> .	Nº de mediacións realizadas
Informar e asesorar á comunidade educativa na implantación de <b>protocolos</b> existentes no ámbito educativo ante calquera expresión de violencia: <a href="#">Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso</a> ; <a href="#">Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero</a> ; <a href="#">Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida</a>	Nº de protocolos abertos

<a href="#">infanto-xuvenil</a> ; <a href="#">Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo</a> ; <a href="#">guía de identidade dixital</a> . Así mesmo, deberá velar polo seu cumprimento.	
Promover <b>Escolas de Familias</b> en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás familias do alumnado.	Nº de xornadas realizadas Porcentaxe de familias participantes

#### 4.2.3. *Ámbito de prevención e sensibilización*

OBXECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO
Promover actividades de <b>prevención de condutas violentas ou de risco para a saúde</b> e o benestar así como obradoiros, charlas ou outras actividades de sensibilización.	Nº de accións levadas a cabo Porcentaxe de alumnado participante
Impulsar a inclusión dentro do PAT contidos relacionados con <b>habilidades sociais, intelixencia emocional, autoestima, resolución pacífica de conflitos</b> , mediación e dinámicas de grupo.	Nº de incidencias no grupo en relación á convivencia Nº de incidencias no grupo en relación á convivencia
Impulsar medidas que favorezan unha convivencia positiva e a cultura do bo trato, coordinando actuacións a realizar dende a titoría, e de xeito transversal nas diferentes materias, promotoras de <b>valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo</b> .	Nº de mediacións realizadas
Promover <b>Escolas de Familias</b> en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás familias do alumnado.	Nº de xornadas realizadas Porcentaxe de familias participantes

#### 4.2.4. *Ámbito de detección*

OBXECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO
Contribuír á identificación de estudantes que poidan estar en risco debido a <b>problemas emocionais, académicos ou sociais</b> .	Nº de identificacións realizadas
Promover estratexias para identificar posibles <b>situacións de risco ou de violencia</b> contra nenos e nenas e impulsar a adopción de medidas de intervención no marco dos protocolos previstos por parte do centro educativo e os servizos sociais competentes.	Nº de protocolos abertos Nº de derivacións a servizos externos especializados
Identificar alumnado con <b>disruptivo</b> en colaboración co equipo docente e levar a cabo, cando se considere oportuno, reunións cos/as mesmos/as e coas súas familias	Nº de alumnado reincidente en aula de convivencia

Identificación de alumnado que está illado no grupo, prestando especial atención a alumnado con discapacidade, de incorporación tardía ou pertencente a colectivos de especial vulnerabilidade.	Porcentaxe de alumnado identificado
Promover canles de colaboración coas familias, para a detección precoz decalquera situación que afecte ó benestar do alumnado	Nº de demandas de intervención realizadas

#### 4.2.5. *Ámbito de intervención*

OBXECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO
Impulsar actividades que fomenten a convivencia en <b>datas conmemorativas</b> e noutras <b>actividades a nivel de centro</b> .	Nº de conmemoracións realizadas e porcentaxe de participación
Impulsar a dinamización dos <b>recreos</b> contribuíndo á creación de patios inclusivos.	Diversidade de actividades organizadas e realizadas Porcentaxe de alumnado illado (disminución do mesmo)
Impulsar a realización de actividades dentro da <b>titoría</b> ; ante a identificación de situacións contraria á convivencia e ante os diferentes conflitos que poidan xurdir.	Nº de intervencións realizadas
Garantir a especial atención ó alumnado e as familias que se atopen en situación de especial <b>vulnerabilidade</b> .	Nº de intervencións realizadas
Garantir a adecuada confidencialidade nas intervencións e promover medidas para evitar a estigmatización de calquera dos membros da comunidade escolar.	

## 5. PLAN DE TRABAJO

O plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ó logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

## 6. PROCEDIMIENTO DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O plan de traballo será revisado e, se procede, actualizado ao longo de todo o curso, co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade cambiante tanto do centro como do propio curso escolar.

Ao finalizar cada trimesre, valorarase cada unha das accións propostas, esablecendo mediante unha escala, en que punto nos atopamos en cada unha delas:

- Sen comezar
- En proceso
- Compleadas
- Suprimidas

Durante as reunións de coordinación coa comisión de convivencia, realizarase tamén un seguimento sobre os obxectivos, avaliando en que grado se están alcanzando os indicadores propostos.

Ao final de curso, na **memoria do plan de convivencia**, recollerase a valoración dos indicadores de logro de cada un dos obxectivos. Ademais, incluírase unha **proposta de mellora** con aquelas accións que é preciso repetir o curso que ven, de igual maneira ou con modificacións, aquelas que precisan ser modificadas, e aquelas que non funcionaron e polo tanto, o ano que ven non se volverán a repetir e aquelas que non se repetirán por terse alcanzado o obxectivo.

**05/2024**